

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PORTAS PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN DE ALBERGUE DE PEREGRINOS NA PARROQUIA DE BRIALLOS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Portas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia o Concello de Portas para a reforma e ampliación de albergue de peregrinos na parroquia de Briallos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Concello de Portas pretende levar a cabo o proxecto de reforma e ampliación do albergue de Briallos, situado nun tramo do Camiño Portugués. Este é un



albergue público de primeira categoría para peregrinos do Camiño de Santiago con credencial, xestionado pola Xunta de Galicia, que dispón de distintivo de calidade Q-Calidade Turística e que está en funcionamento desde o ano 2005.

Actualmente na parcela existen dúas edificacións:

- A. Bar. Superficie: 125 m².
- B. Albergue. Superficie edificada: 426 m² (P0: 315 m² e P1: 111 m²).

Estas dúas edificacións conforman unha edificación en forma de L, nun solar que ten unha superficie bruta de 3.358 m².

O proxecto de ampliación consiste na construción dun novo edificio independente, que se desenvolve na zona este dos edificios existentes, para crear un novo espazo común como sala de estar do albergue de 85 m² útiles. A estrutura deste correspóndese cunha edificación de planta baixa rectangular, con dimensións aproximadas de 19,00 m de lonxitude e 6,70 m de anchura. O dimensionamento da estrutura deste novo edificio realizouse baixo o suposto dunha futura ampliación en altura, consistente na execución dunha planta adicional. Deste xeito, a actual cuberta (forxado de teito en planta baixa) pasará a converterse no forxado intermedio da planta primeira, destinada a dormitorios.

A creación deste novo volume permite a reforma dun espazo na planta baixa do edificio do albergue (B), de forma que se substitúe a sala de estar orixinal por unha sala de habitacións, conseguindo deste xeito aumentar o albergue en 16 prazas, pasando das 27 iniciais ata as 43 prazas.

A Axencia de Turismo de Galicia está interesada en colaborar neste proxecto, que supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma e a necesidade de atender áreas con necesidades específicas para a posta en valor e humanización dos elementos patrimoniais do concello, ofrecendo aos visitantes e peregrinos produtos turísticos seguros, que incidirán na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

Estas melloras inciden na promoción e potenciación do turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrência, por ser o concello a entidade impulsora da actuación.



Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Portas de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Terceiro.- Que a celebración do Ano Santo Xacobeo 2027 constituirá para a Comunidade Autónoma de Galicia unha nova oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta articúlase a través de misións, sendo unha delas a denominada Galicia, destino auténtico e diferencial. Dentro desta misión recóllese a Medida Xacobeo 2027. O Ano Santo é un feito de gran relevancia non só para o turismo galego, senón para todo o territorio. O Xacobeo 2027 debe ser unha celebración que achegue a experiencia e a riqueza do Camiño á poboación residente e que logre fomentar o sentimento de orgullo e pertenza entre esta. Garantir a accesibilidade e a seguridade no Camiño forma parte das prioridades para este ano santo. Tamén reforzar a acollida como un dos principais valores do Xacobeo, revitalizar os atributos máis auténticos da peregrinación e afondar no diálogo con todos os actores que interveñen no fenómeno das peregrinacións.

Estas melloras inciden na promoción e potenciación do turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrência, por ser o concello a entidade impulsora da actuación.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Portas unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

